



OBRA LITERARIA 1

O POETA

A súa vocación pola poesía foi prematura, xa escribe versos aos dez anos e publica os primeiros aos quince en xornais de Tui e Pontevedra.

Obra en galego




O MERLO POETA

Da gorxa algareira
do merlo aldeán
fuxían as horas
xuntiñas das mans.

Go-as suas muiñeiras
y-os seus alalás
a total-as merlas
ia namorar:

R-a ponla d'un albre
do meu salgueiral
morreu o poeta...
(¡R-o papo nin grau!...)



Poemas de ti e de min (1949)

Poemario escrito co seu irmán Emilio (quen compuxo 16 dos 40 poemas da obra).



Presentárono con dúas portadas diferentes, unha para cada autor.

Consta de composicións das tres tendencias poéticas predominantes na época: popularismo, imaxinismo e neotrobadorismo.

Riandíño, iograr

*Amigas, quando vier
meu amigo demandar
por mí, que vaia veer
se estarey ante o altar
de Santa Comba, ú m'él víu
o día que se partíu.*

*Quando quiser meu amigo
amigas, fillar perfía
por trebellar ora migo,
nembrádesli a romaría
de Santa Comba, U [m'él víu]
o día que se partíu.*

*Amigas, digades quando
ora vos él preguntar,
veja se estarey chorando
dos cšhos ante o al[tar]
de Santa Comba, [ú m'él víu]
o día que se partíu.*

Constitúe unha senlleira mostra da corrente poética neotrobadoresca ó imitar a lingua e recursos dos trobadores medievais.

Publicouno o día 28 de decembro (Santos Inocentes) de 1953, coa argallada de ser un achado de textos de trobadores e xogres galego-portugueses. A seriedade da presentación, a estrutura e o léxico dos poemas... deu lugar a que varios especialistas no tema o cresen.

Roseira do teu mencer (1949-1950)



Consta de 20 poemas dedicados á primeira filla Colorín (María Luísa), que tiña daquela dous anos.




Neotrobadorismo foi considerado nalgún tempo como a máis orixinal achega vangardista da literatura galega. É unha corrente xurdida como consecuencia da fascinación que produce no ambiente cultural galego o descubrimento da nosa lírica medieval, grazas a edicións dos cancioneros realizadas polo filólogo portugués José Joaquín Nunes en 1928 e 1932. Poetas do neotrobadorismo: Xohán Vicente Viqueira, Fermín Bouza-Brey, Cunqueiro, Álvarez Blázquez...

Canle segredo

Poesía social escrita en verso branco, que se pode considerar precursora da estética realista.

Conxunto de poemas escritos entre 1951 e 1953 pero que non serán dados a coñecer ata 1976. Se fose publicada no seu momento suporía un cambio de rumbo na nosa literatura.

Recibiu o premio "Eduardo Pondal" do Centro Galego de Bos Aires en 1954, que incluía a publicación da obra, que o autor rexeita ó ter idea de sacala el á luz na Editorial Monterrey, feito que non se produciu.



*Canle segredo hei ser ,
prá fervenza da ianga manantía
que enxurre as nosas vidas, cando nada
falle do que che eu teño prometido.
Xeneroso leito
da derramada anguria; .
terra de terra, aberta pola eixada
do afán i o amor para a semente limpa;
eira de pan*

lareira

*fondo puzo,
gardador do misterio que nos cingue;
penedía
cara os ventos da sorte;
albre senlleiro
na chaira dos miñatos...*

*Ti ben sabes
todo o que o meu amor manda que eu seña!*